



Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Tesouros de San Tomé de Acorados

Na parroquia de San Tomé de Acorados, A Estrada (Pontevedra) hai constancia de varios tesouros. A saber: Onde chaman Outeiro do Castro hai unha trabe de ouro e outra de alcatrán; mais se alguén sacha e dá coa de alcatrán, arden todos.

Hai unha mina de ouro e outra de alcatrán que vai soterrada desde debaixo do Outeiro ata o lugar de San Tomé. De Mourentán á Agra Chan hai unha mina de ouro e outra de alcatrán.

Entre Gontén e San Tomeé saía unha galiña con pitos de ouro.

Nas Aveyras hai unha peneda con fochancas onde dicían que había unha mina de ouro que tiña que ser descuberta pola pata dunha ovella.

BIBLIOGRAFÍA

REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel, A Estrada rural, Exema. Deputación Provincial de Pontevedra 1990.